



**Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na Xornada sobre *A incidencia nos menores da violencia no contorno familiar***

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2014, 11.00 horas

Valedor do Pobo

Secretaría xeral de Igualdade,

Amigos e amigas:

Bos días e benvidos ao Parlamento de Galicia.

Onte pola mañá tivemos unha xornada no Salón de Plenos deste Parlamento na que escoitamos os nenos, mozos e mozas, falar, no marco da Conmemoración dos 25 anos da Convención dos Dereitos do Neno e dentro da Semana Europea da Democracia Local, dos seus desexos e arelas, incidindo no establecido no artigo 12 da devandita convención, que establece o dereito dos nenos a seren escoitados.

Hoxe imos escoitar falar os maiores dun tema que lles atinxe, desgraciadamente, e que incide fundamente no desenvolvemento psíquico e físico dos menores.



Un neno precisa, arredor de si, unha atmosfera de paz e de amor. Un neno precisa límites, pero sempre con agarimo.

Un neno pode vivir sen o último trebello electrónico, pero non sen o agarimo preciso.

A violencia no ámbito familiar é unha lacra contra os máis febles da sociedade: os nenos, pero tamén as mulleres.

Contra a violencia das mulleres precisamos como sociedade un baño de inmersión na igualdade.

Precisamos que todos nós defendamos unha sociedade igualitaria, unhas relacións simétricas de parella, equilibradas, e unhas relacións parentais responsables.

A parella pode romper, acabarse, mais as relacións parentais non se desfán xamais.

O día que mudemos ese vello concepto decimonónico de patria potestade polo novo de patria responsabilidade, teremos camiñado moito na defensa dos menores. Daquela poderemos defender, realmente, que o seu interese está por riba de calquera outro por moi lexítimo que sexa.



Nas situacións das que estamos a falar, os fillos son as vítimas dunha relación asimétrica e, tamén, testemuñas aterrorizadas, mudas e inermes da violencia contra as mulleres.

Esquecemos que nos tres primeiros anos da vida dun neno se establecen as competencias “zócolo”, é dicir, as competencias sobre as que asentan todas as demais.

Se ese zócolo non está construído nunha base de amor, de igualdade, de non violencia, todo o que tentemos contruír no futuro vai custar moito máis traballo asentalo.

Eses nenos sufridores da violencia poden ser tamén o “síntoma” que delate a situación que a nai silandeiramente está a padecer, e que non se atreve ou non pode denunciar.

Os mestres, os profesionais da saúde, os traballadores sociais, traballando todos en rede, deben poder ler nas actitudes dese neno a traxedia intramuros que está a suceder. E axudalos a eles e as súas nais.

A violencia contra as mulleres, sexa física, verbal ou psicolóxica, é unha vergoña para esta sociedade tan adiantada noutros camiños. Non se pode aturar. Por elas, polos nenos que están ao seu arredor e por todos nós.



Estou certa de que hoxe sairemos máis aprendidos, pero tamén máis fortalecidos, para podermos formar parte, atinadamente, desta cruzada contra o maltrato e a súa incidencia nos cativos.

Parabéns á secretaria xeral de Igualdade e mais ao o valedor do pobo por ter organizado esta xornada, que para o Parlamento de Galicia supón unha honra acoller nas súas dependencias.

Insisto, moitas grazas.